



Guía Docente				
Datos Identificativos				2024/25
Asignatura (*)	Expresión Gráfica Arquitectónica II		Código	670G01117
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Segundo	Obrigatoria	6
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Expresión Gráfica Arquitectónica			
Coordinación	Lorenzo Duran, Margarita	Correo electrónico	margarita.lorenzo@udc.es	
Profesorado	Caridad Yañez, Eduardo	Correo electrónico	eduardo.caridad@udc.es	
	Lorenzo Duran, Margarita		margarita.lorenzo@udc.es	
Web				
Descrición xeral	<p>Ao iniciar o cuarto cuatrimestre, o alumnadoo xa coñece as regras da linguaxe arquitectónica, superou outras materias paralelas fundamentais para un progreso na comprensión do feito arquitectónico e a súa expresión gráfica.</p> <p>Profúndase nesa realidade facilitando ao alumnado as regras e coñecementos que lle permitan abarcar e solucionar problemas arquitectónicos concretos, a partir dos seus fundamentos. Para iso é preciso un desmenzamiento do feito construtivo, chegar aos detalles, á súa expresión, ao coñecemento de distintas solucións construtivas, ao Debuxo de Detalles Construtivos, entendendo o debuxo como unha linguaxe, facéndo que o alumnado experimente a universalidade e precisión da Representación Gráfica como elemento de comunicación.</p>			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe		Competencias / Resultados do título	
Capacidade para aplicar o desenvolvemento do esbozo, a proporcionalidade, a linguaxe e as técnicas da Representación Gráfica dos elementos e procesos construtivos.	A6 A44 A51		
Capacidade de organización e planificación.		B2	C9
Capacidade para a procura, análise, selección, utilización e xestión da información.		B3 B33	
Capacidade para a resolución de problemas.		B5 B32	
Capacidade para a toma de decisións.		B6	
Aprendizaxe autónomo.		B14 B31	
Adaptación a novas situacións.		B15	
Hábito de estudo e método de traballo.		B25 B35	
Capacidade de comunicación a través da palabra e da imaxe.		B27 B34	
Sensibilidade cara a temas relacionados coa protección, conservación e posta en valor do patrimonio cultural e arquitectónico.	A3 A47 A54	B7	
Capacidade de improvisación e adaptación para enfrontarse a novas situacións		B28	C8
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1



Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7
Adquirir os coñecementos fundamentais sobre os sistemas e aplicacións informáticas específicos e xerais utilizados no ámbito da edificación.	A2		

Contidos	
Temas	Subtemas
Concepto de sección construtiva. Tipos. Criterios de elección.	Representación de seccións de edificios, tendo en conta as partes ocultas. - Diferenciación dos diferentes tipos de seccións que se poden empregar na definición do edificio, executándoas de xeito adecuado. - Utilización do número de seccións necesarias para definir a construción dun edificio.
Acondicionamento do Terreo. Desmontes.	Demolicións, explanacións, desmontes, terraplenados... Simboloxía e representación. Planos de conxunto e de detalle.
Saneamentos, drenaxes e avenamientos.	Elementos de drenaxe, drenes superficiais e drenes lineais. Arquetas, pozos, colectores. Planos de conxunto e de detalles.
Cimentacións.	Contencións: muros de gravidade, resistentes, pantallas, pilotes Superficiais: corridas, laxes, vigas centradoras, zapatas
Estruturas.	Tipos de estruturas: de fábrica, formigón, pedra, aceiro... Partes das estruturas: forxados, soportes, vigas, zancas... Planos xerais e de detalle.
Fábricas.	De bloque, ladrillo, vidro, prefabricados... Planos xenerais e de detalle.
Particiones.	Tabiques de ladrillo, madeira, aliaxes lixeiras, prefabricados... Planos xerais e de detalle.
Carpinterías.	De aceiro, aliaxes lixeiras, madeira... Planos xerais e de detalle.
Defensas, Varandas, Peches.	Planos xenerais e de detalle.
Instalacións.	Audiovisuais, climatización, electricidade, fontanería, gas, salubridade, lixos, depuración e vertido, fumes e gases, saneamento, ventilación, de transporte Simboloxía, planos xerais e de detalles.
Cubertas.	Azoteas axardinadas, transitables, non transitables, de fibrocemento, galvanizados, aliaxes lixeiras, sintéticos, de lousa, de tellas, de zinc, lucernarios Planos Xenerais e de detalle.
Revestimentos.	De paramentos verticais e horizontais: alicatados, chapados, enfoscados, lixeiros, industriais, de madeira, laminados, moquetas, de teitos... Planos Xenerais e de detalle.
Novos materiais e Sistemas de última xeración de fachadas.	Fachadas trasventiladas: pedra, mármore, fenólicos, cerámicos, aluminio... Paneis non portantes de recubrimiento Planos Xerais e de detalle.

## Planificación



Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Traballos tutelados	A2 A3 A6 A44 A51 A54 B2 B3 B5 B6 B7 B14 B15 B25 B27 B28 B32 B34 C1 C3 C9	25	55	80
Análise de fontes documentais	A6 A47 B3 B33 C3 C4 C8	0	25	25
Actividades iniciais	A2 A6 B25 C1 C3	0	5	5
Portafolios do alumno	A2 A6 B2 B14 C6 C7 C8	5	0	5
Sesión maxistral	A6 B3 B6 B14 B25 B27 B31 B35 C1 C3 C4 C6	18	0	18
Saídas de campo	B15 B28 C5	2	0	2
Atención personalizada		15	0	15

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Traballos tutelados	O alumnado desenvolverá diferentes traballos ou prácticas específicas referentes ás explicacións dadas, seguindo as diferentes pautas marcadas e controladas polo profesorado.
Análise de fontes documentais	Utilización da bibliografía correspondente, básica e complementaria, facilitada.
Actividades iniciais	Realización de debuxos a man alzada nos que se plasmen o labor de documentación realizada sobre detalles arquitectónicos da bibliografía correspondente.
Portafolios do alumno	No cartafol ou archivador do estudantado iranse clasificando os traballos prácticos por datas. Durante as clases haberá sesións de autoevaluación e de comentarios sobre os ditos traballos, facendo correccións individuais e/ou colectivas, coa finalidade de orientar ao alumnado en canto a calidade de grafismo, aspectos construtivos, de maquetación e presentación.
Sesión maxistral	Semanalmente, antes ou a vez que se expoñen os exercicios prácticos que terán que desenvolver o alumnado, realizarase unha presentación oral dos contidos correspondentes, apoiada en medios gráficos.
Saídas de campo	Dentro das posibilidades, tentarase algunha visita guiada a unha empresa ou fábrica de recoñecido prestixio, onde o alumnado poderá observar de forma directa cales son os procesos de fabricación dun material ou dun sistema construtivo concreto, así como da súa posterior posta en obra.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Portafolios do alumno Actividades iniciais Traballos tutelados Sesión maxistral Saídas de campo	Sempre que sexa posible, en función do nº de persoas matriculadas, comentarase os traballos individualmente. En todo caso, haberá sesións públicas onde se supervisaran ditos traballos.  O "Alumnado con recoñecemento de dedicación a tempo parcial e dispensa académica de exención de asistencia", deberá pór inmediatamente en coñecemento do profesorado dita circunstancia, para poder concretar o desenvolvemento da súa actividade segundo se considere a máis adecuada.

Avaliación
------------



Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Portafolios do alumno	A2 A6 B2 B14 C6 C7 C8	Terase en conta a evolución dos traballos que conforman o cartafol así como a coherencia e completitud do mesmo	5
Traballos tutelados	A2 A3 A6 A44 A51 A54 B2 B3 B5 B6 B7 B14 B15 B25 B27 B28 B32 B34 C1 C3 C9	Os traballos entregados nas datas estipuladas calificaranse en función do contido de cada unha das súas láminas, da súa adecuación gráfica e da súa maquetación.	90
Saídas de campo	B15 B28 C5	Especificadas no apartado 5.	5

Observacións avaliación



Os alumnos terán que demostrar, para ser avaliados positivamente, que alcanzaron os coñecementos necesarios nos contidos, mencionados anteriormente que se desenvolven durante el curso para dominar esta materia, e que serían os seguintes:

- 1.-Concepto de sección construtiva. Tipos. Criterios de elección.
- 2.-Acondicionamento do Terreo. Desmontes.
- 3.-Saneamentos, drenaxes e avenamientos.
- 4.-Cimentacións.
- 5.-Estruturas.
- 6.-Carpintarías.
- 7.-Defensas, Varandas, Peches.
- 8.-Fábricas.
- 9.-Instalacións.
- 10.-Particiones.
- 11.-Cubertas.
- 12.-Revestimentos.
- 13.-Novos materiais e sistemas de última xeración.

Para a avaliación da materia esíxese unha asistencia regular tanto ás clases expositivas como ás interactivas, cun mínimo do 80% de asistencia en cada unha delas.

A docencia da materia de Expresión Gráfica II baséase nunha metodoloxía de aprendizaxe, suxeita a un sistema de avaliación continua.

Para superar a materia, por curso deberá de cumprirse a condición seguinte: Ser entregadas todas as prácticas e traballos individuais e cada unha/ou delas deberá ser considerada/ou como apta/ou. Os alumnos con dedicación a tempo parcial deberán cumprir a mesma condición. Os alumnos que non superen a materia por curso, tanto para a Primeira Oportunidade de avaliación (Maio-Xuño) ou, no seu caso, para a Segunda Oportunidade de avaliación (Xuño-Xullo) está prevista a realización de unha proba global de avaliación de catro hs. de duración, na que terán que desenvolver unha práctica de debuxo por medios informáticos. O finalizar o horario da proba terán que entregar os arquivos informáticos en CAD e PDF resultado do desenvolvemento da práctica proposta, na correspondente actividade/tarefa aberta no Campus Virtual realizándose a avaliación sobre os arquivos informáticos de CAD e as láminas impresas que resulten dos PDFs. **IMPORTANTE:** Terá a condición de NON PRESENTADO por curso o alumno que se atope nalgunha das seguintes circunstancias:

- Non cumprir co mínimo de asistencia esixido.
- Non entregar algún dos traballos propostos.

Non se permitirá completar ou modificar os traballos fóra das datas de entrega sinaladas. A realización fraudulenta das probas ou actividades de avaliación, unha vez comprobada, implicará directamente a cualificación de suspenso na convocatoria en que se cometa: o/a estudante será cualificado con "suspenso" (nota numérica 0) na convocatoria correspondente do curso académico, tanto se a comisión da falta se produce na primeira oportunidade como na segunda. Para isto, procederase a modificar a súa cualificación na acta de primeira oportunidade, se fose necesario".



<b>Bibliografía básica</b>	<p>EL DELINEADO EN LA COSTRUCCIONENRIQUE ANGURA CAMAMANUAL DEL DIBUJO ARQUITECTONICOF.CHIGPRACTICA DEL DIBUJO ARQUITECTONICOF.GARCIA RAMOSNORMAS TECNOLOGICAS DE LA EDIFICACIONPREFABRICADOS DE HORMIGONFERNANDO VILAGUREL LADRILLO Y SUS FABRICASF. CASINELLOLA MADERA EN LA CONSTRUCCIONH. KULLMANARQUITECTURA EN MADERA Y SUS TECNICASHAUS JURGEN HAUSENANALISIS DE DETALLES CONSTRUCTIVOS PARA OBRA DE NUEVA PLANTA / AUTOR : ROMÁNGONZÁLEZ ÁLVAREZ ; TUTOR : SANTIAGO LÓPEZ PIÑEIRO.2001.APROXIMACIONES DE LA ARQUITECTURA AL DETALLE / EDITOR ALEJANDRO CRISPIANI.Santiago de Chile : ARQ, [2001].ATLAS DE DETALLES CONSTRUCTIVOS : CON MÁS DE 400 EJEMPLOS.1ª ed., 3ª reimp.Barcelona : GG, [2006] (2007 imp.).BANCO DE DETALLES ARQUITECTÓNICOS 2002.[Sevilla] : El Autor, [2002].BIBLIOTECA DE DETALLES.Madrid : Ediciones Trazos, [1994].BIBLIOTECA DE DETALLES CONSTRUCTIVOS FORJADOS INCLINADOS : ESTRUCTURAS DECUBIERTA Y FORJADOS INCLINADOS DE HORMIGÓN ARMADO PARA EDIFICACIÓN.UNIDIRECCIONALES, RETICULARES Y LOSAS MACIZAS : MÁS DE 550 DETALLESCONSTRUCTIVOS ADAPTADOS A LA INSTRUCCIÓN EHE / VICENTE CASTELL, BERNABÉ FARRÉ,FLORENTINO REGALADO.[Alicante] : CYPE Ingenieros, [2004].BIBLIOTECA DE DETALLES CONSTRUCTIVOS METÁLICOS, DE HORMIGÓN Y MIXTOS ENESTRUCTURAS DE EDIFICACIÓN 600 DETALLES ... ADAPTADOS A LA INSTRUCCIÓN EHE /VICENTE CASTELL, BERNABÉ FARRÉ ORO, FLORENTINO REGALADO TESORO.4ª ed.[Madrid] : CYPE Ingenieros, [2004].CATÁLOGO DE ELEMENTOS CONSTRUCTIVOS [RECURSO ELECTRÓNICO] / [COORDINACIÓN, FCO.COSME DE MAZARREDO PAMPLÓ, CARMEN SUBIRÓN RODRIGO ; REDACTORES, JAVIER BLANCOARRANZA ... (ET AL.)].Valencia : Instituto Valenciano de la Edificación, [2007].Ford, Edward R.THE DETAILS OF MODERN ARCHITECTURE.Cambridge : Mit Press, 1990-1996.McLeod, Virginia.EL DETALLE EN EL PAISAJISMO CONTEMPORÁNEO.Barcelona : Blume, 2008.McLeod, Virginia.DETALLES CONSTRUCTIVOS DE LA ARQUITECTURA DOMÉSTICA CONTEMPORÁNEA.Barcelona : Gustavo Gili, [2007].Regalado Tesoro, Florentino.DETALLES CONSTRUCTIVOS PRÁCTICOS METÁLICOS, DE HORMIGÓN Y MIXTOS EN ESTRUCTURASDE EDIFICACIÓN / FLORENTINO REGALADO TESORO, BERNABÉ FARRÉ ORO.2ª ed.[Madrid] : CYPE Ingenieros, 1997.Ramsey, Charles George.LAS DIMENSIONES EN ARQUITECTURA / CHARLES GEORGE RAMSEY, HAROLD REEVE SLEEPER ;EDITOR IN CHIEF JOHN RAY HOKE, JR.Esteban Castro, Anselmo.EXPERIENCIAS SOBRE SOLUCIONES DE MADERA Y SU EMPLEO EN EDIFICACIÓN.Madrid : Proiescon, [2008].Nutsch, Wolfgang.MANUAL DE CONSTRUCCIÓN : DETALLES DE INTERIORISMO.Barcelona : Gustavo Gili , 2006.Diversas páxinas web sobre materiais e sistemas constructivos.</p>
<b>Bibliografía complementaria</b>	

## Recomendacións

### Materias que se recomenda ter cursado previamente

- Construción II/670G01115
- Materiais de Construción I/670G01105
- Construción I/670G01106
- Estruturas de Edificación II/670G01111
- Instalacións de Edificación I/670G01112
- Materiais de Construción II/670G01113
- Xeometría Descritiva e da Representación/670G01102
- Ferramentas Gráficas Dixitais para a Edificación/670G01109
- Estruturas de Edificación I/670G01107
- Expresión Gráfica Arquitectónica I/670G01103

### Materias que se recomenda cursar simultaneamente

- Estruturas de Edificación III/670G01116
- Materiais de Construción III/670G01118

### Materias que continúan o temario



Proxectos Técnicos I [En extinción]/670G01023

Proxectos Técnicos II [En extinción]/670G01027

Proxecto Fin de Grao [En Extinción]/670G01036

Deseño de interiores. xardinaría e paisaxe [En Extinción]/670G01042

Deseño de Interiores, Xardinaría e Paisaxe/670G01135

## Observacións

A asignatura desarrolla, como métodos para a representación da arquitectura, a construción e os seus detalles, o debuxo a man alzada (imprescindible para a representación de detalles constructivos na obra) e o delineado mediante programas informáticos e a súa aplicación concreta a representación arquitectónica e constructiva (imprescindible para o traballo en estudo). En base a esto último e imprescindible o coñecemento previo de algún programa de debuxo asistido por ordenador CAD. Tamén é imprescindible acudir as clases tanto expositivas como interactivas (Taller de EGA II) provistos de un ordenador portátil con acceso a Internet.

(\*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías